

28

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

7 ou máis participantes
10 minutos

Cantar. Roda

Desinhibición. Grupo

O PAI BUDA

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo para sentar.

DESCRICIÓN

Sentados en roda coas pernas cruzadas e as mans nos xeonllos, cántase a estrofa repetidas veces. Ao remate de cada volta vaise dicindo unha parte do corpo que se debe sacudir ao cantar: man esquerda, man dereita, pé esquerdo, pé dereito, cabeza, cu... (acumulativamente).

O pai Buda ten moitos fillos
ten moitos fillos o pai Buda
Eu son un deles
e ti tamén.
Honremos o pai Buda

